

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 2º ESO

SEMANA 20-24 ABRIL

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN:

1. Por que cres que a banda deseñada que vés de ler se titula "Refuxio"? Que outros títulos serían apropiados?

A banda deseñada titúlase así porque ao instituto da protagonista, Uxía, chega unha rapaza de Siria, Almira, que foxe da guerra e vén a Galicia para sobrevivir e escapar desa situación, coa intención de comezar unha nova vida. Almira é unha refuxiada. O novo país sería, por tanto, un refuxio, un lugar no que sentirse a salvo despois do drama vivido. Ademais, o pai de Uxía, cando esta lle pregunta como se sentirá unha persoa refuxiada, respóndelle coa frase «Para un corazón perdido na neve a amizade é o verdadeiro refuxio», que lle vai servir a Uxía para convencer os seus compañeiros de que deben ofrecerlle amizade a Almira para que se sinta protexida e segura.

A segunda parte da resposta é aberta. Debedes procurar un título que dea conta do contido da banda deseñada e do obxectivo que esta persegue.

2. Procura no texto a palabra adecuada para estas definicións:

Acontecemento da vida real que ten consecuencias fatais: **Traxedia**

Viaxe ou marcha dun grupo de persoas cun fin deportivo ou científico: **Expedición**

Mentireiro: **Troleiro**

Facer que algo ou alguén forme parte dun grupo: **Agregar**

Mostrarlle algo a alguén, pór algo de xeito que alguén o poida ver: **Amosar**

3. Completa estes cadros cos datos da lectura:

Personaxes	Espazo no que se desenvolven
Uxía	Na súa casa, na conversa por WhatsApp.
Pai de Uxía	Na súa casa
Compañeiras e compañeiros de Uxía	Na conversa por WhatsApp
Almira	No instituto

4. Hai algunhas historias imaxinadas polos protagonistas de “ O refuxio”. Cales? Por que sabes que son inventadas?

No texto hai dúas situacións imaxinadas, unha por Uxía e outra por seu pai. Sabemos isto porque as cores das viñetas son máis apagadas e a súa forma pasa a ser redondeada en lugar de cadrada, que é a que se emprega para a vida real dos protagonistas.

5. Unha das características da banda deseñada é a presenza de elipses ou fragmentos da historia que non aparecen no papel. Indica cales son as principais elipses do refuxio.

Entre a primeira e a terceira viñetas prodúcese unha elipse porque non vemos todo o traxecto desde que Uxía vai pola rúa ata que abre a porta da súa casa.

Tamén se produce unha elipse na historia imaxinada polo pai de Uxía, porque só coñecemos momentos puntuais desta.

Hai unha elipse na historia de Kahled, xa que só coñecemos algúns momentos da súa viaxe desde Siria a Europa.

Hai unha elipse ao final do texto, que, ademais, constitúe un flashback (un salto atrás no tempo) cando coñecemos a Almira, posto que descoñecemos cal foi a reacción dos seus compañeiros e compañeiras, aínda que poidamos imaxinala pola conversa de WhatsApp que manteñen.

3ª SESIÓN:

6. Reproduce a conversa de Whatsapp que tería Almira coas súas compañeiras e compañeiros ao agregala ao grupo de clase.

Actividade de resposta aberta. Trátase de que inventedes a continuación dunha conversa coñecendo os antecedentes. Búscase que o fagades de maneira correcta e coherente e que empreguedes unha linguaxe axeitada ao tipo de texto que se lle solicita, neste caso unha conversa informal a través de WhatsApp.

Exercicios 8 e 9

Estamos agardando as vosas reflexións, non esquezades enviárnolas.